



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O ESTUDO DE GRAVACIÓN MANS-PAIDEIA

A Fundación Paideia Galiza é unha entidade sen ánimo de lucro, cuxo obxecto social é entre outros, a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, ou outras de análogo interese humano e social.

O Estudo de Gravacións do Centro MANS, é unha iniciativa da Fundación Paideia Galiza, para posibilitar a realización de gravacións musicais en Galicia, fomentando a cultura e a produción audiovisual.

O Estudo de Gravación MANS-PAIDEIA é o único Centro de Gravación musical de gran formato en Galicia, dotado con equipamentos, instalacións e infraestruturas tecnolóxicas de última xeración, que pode acoller a formacións musicais de ata 90 músicos. Nestes momentos, en Galicia non hai ningún Estudo de Gravación de similares características.

Requisitos de participación:

- Calquera formación musical, ou banda sonora de proxectos audiovisuais xa sexan longametraxes, cortometraxes, series de TV, documentais, etc., que se graven nos Estudios de Gravación Mans, e que requiran unha formación musical igual ou superior a 20 músicos/as.
- Que a gravación musical realícese durante o ano 2009.

Documentación:

- Currículo do solicitante (produtora musical).
- Breve memoria do proxecto audiovisual obxecto da gravación musical.
- Presuposto do proxecto audiovisual desglosado por conceptos.
- Recursos financeiros dos que se dispón (outras subvencións, recursos propios, etc.).
- Breve xustificación da solicitude de axuda.

Outros:

- Acreditación do solicitante (copia da escritura de constitución e da súa inscrición no Rexistro Mercantil, CIF, DNI do representante legal da entidade e no seu caso poder notarial; alta en autónomos no caso de persoa física).
- Documento acreditativo de estar ao corrente de pago nas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
- No seu caso, declaración do responsable de que a empresa de produción ten a súa sede en Galicia ou, se o produtor é unha persoa física, certificado de empadramento.
- Acreditación da inscrición no Rexistro de Empresas do Instituto de Cinematografía e Artes Audiovisuais.
- Declaración de que o proxecto é unha obra orixinal e que o solicitante posúe os dereitos do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles.
- Declaración das solicitudes realizadas ou subvencións concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas.
- Compositor galego: certificado de empadramento, partida de nacemento e/ou DNI.
- Compromiso de dar publicidade á axuda concedida, facéndose constar a participación da Consellería de Cultura e Turismo e a colaboración da Fundación Paideia a través do Estudo de Gravacións Mans (en carteis, créditos, promocións publicitarias, etc. constarán os logos das entidades).
- Compromiso de pór a disposición da Administración toda a información e documentación que lle fose requirida pola Fundación Paideia Galiza para a xustificación do gasto realizado.

Contía da subvención:

- Ata o 50% do custe da formación instrumental, cun límite de 15.000 € por proxecto, e ata fin de orzamento.

Conceptos subvencionables:

O custo da contratación dos músicos. A tales efectos, entenderanse incluídos no concepto de músicos, os seguintes:

- Intérpretes: instrumentistas e/ ou cantantes
- Director de Orquestra
- Voces das corais
- Cantantes solistas

A gravación da Banda Sonora debe incluír, polo menos unha sesión cun número igual ou superior a 20 músicos/as. O resto das sesións, si se realizan, han de ser continuas, e poderán conter un número inferior de músicos, se é consecuencia dunha xustificación meramente técnica e/ou de calidade, sempre que forme parte da mesma Banda Sonora.

Baremos e puntuación:

Produtora ou Co-produción galega	25 puntos
Produtora de orixe non galego	5 puntos
Realización da mestura e edición en Galicia	20 puntos
Realización da mestura e edición fora de Galicia.....	5 puntos
Compositor de orixe galego.....	10 puntos
Compositor de orixe non galego.....	5 puntos
Formación instrumental residente en Galicia.....	20 puntos
Formación instrumental de fora de Galicia	5 puntos

- 71-75 puntos..... 50% axuda (custo da formación musical)
- 56-70 puntos..... 40% axuda
- 40-55 puntos..... 30% axuda
- Menos de 40 puntos

Obrigas que asume o Beneficiario da Axuda

- Facilitar a documentación e información requirida mediante xustificación do gasto.
- Transcorridos 10 días a partir da comunicación da resolución, deberá presentar a renuncia ou aceptación da axuda
- Emitir Certificación do Gasto conforme ao modelo establecido
- Dar publicidade á axuda concedida pola Consellería de Cultura e Turismo. Para ese efecto farase constar a participación desta, así como a colaboración do Estudio de Gravacións Mans, en todos aqueles actos ou actividades que se celebren con ocasión da presentación da produción musical, así como en calquera acto de exposición ou comunicación pública que se realice, publicidade, campañas de merchandising ou propaganda que leve a cabo sobre dita produción, en calquera medio de comunicación oral ou escrito, nos créditos calquera que sexa o seu soporte (Cinta, CD, DVD, etc...) que se deriven de dita produción musical, incluíndo os logos das entidades.

Condicións (tamén obrigacións asumidas polo Beneficiario da Axuda)

- Si se acepta a axuda, deberá subscribir o compromiso de aceptación (modelo)
- Poderá realizar sesións de gravación no Estudio MANS nos días e horarios establecidos e indicados pola Fundación Paideia, a efectos de realizalo de xeito ordenado.

Xustificación:

- Orixinal ou copia compulsada das facturas xustificativas do gasto subvencionable, así como xustificante bancario do abono das mesmas.
- Declaración actualizada das solicitudes realizadas ou subvencións concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.
- Certificación de conta bancaria a nome da Entidade ao obxecto de ingresar a subvención correspondente.

Prazo de presentación:

- Aberto ata o 15 de novembro de 2009.

Resolución de axudas:

- No prazo de 15 días tras a recepción da solicitude.
- A Fundación Paideia ingresará a través de transferencia bancaria, a cantidade correspondente á axuda concedida, unha vez que esta reciba e comproba a documentación acreditativa e xustificativa do gasto susceptible da axuda.

Envío de solicitudes:

MANS. Centro de gravación.

Polígono de Pocomaco, Parcela D-22 - 15190 A Coruña

informacion@mans-paideia.com

Teléfono: 981 910 100 Fax: 981 910 101

Comité de selección:

Para a asignación das bolsas froito deste convenio constituirase un Comité que estará integrado por:

- a) A Presidenta da Fundación Paideia Galiza ou persoa na que delegue.
- b) O Director Xeral de Creación e Difusión Cultural ou persoa na que delegue.
- c) O Xefe do Servizo de Promoción e Difusión Cultural
- d) Un representante da Fundación Paideia Galiza que actuará coma Secretario do Comité.

O Comité terá atribuídas as competencias para o outorgamento das axudas, sendo a súa decisión inapelable. Reunirase nas primeiras quincenas de cada mes, sempre e cando existan solicitudes presentadas.

Difusión do convenio:

A través de dípticos informativos , así como nas páxinas web das entidades asinantes.